

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 5 de novembro de 2014**

**ASISTENTES:**

**NON ASISTEN:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas do día cinco de novembro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1239).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1240).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES, INCLUÍNDO OS ESPAZOS SOTERRADOS ENTRE A RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ E PRAZA DE ARGÜELLES. EXPTE. 7279/307.**

Dáse conta da proposta asinada polo secretario da Mesa de Contratación, con data 5.11.14, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación celebrada o 05 de novembro de 2014, entre outros, acordou:

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da praza da Princesa e Praza de Argüelles engadindo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez de Praza de Argüelles 2. (expediente 7279-307).

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 02-10-2014, 03-10-2014, 08-10-2014, 24-10-2014, 28-10-2014, 29-10-2014, 04-11-2014 e 05-11-2014 e dos informes do Enxeñeiro de Edificación e o responsable técnico de Patrimonio de data 20-10-2014, da xefa de Patrimonio Histórico de 28-10-2014 e 04-11-2014 e do Responsable técnico de Patrimonio de 04-11-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Primeiro: considerar como desproporcionada a oferta presentada por DESMACO, S.L.. A vista do informe do Responsable técnico de Patrimonio de 04-11-2014.

Segundo: Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación das obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da praza da Princesa e Praza de Argüelles engadindo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez de Praza de Argüelles 2. (expediente 7279-307, no seguinte orde decrecente:

1	UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U.	95,10
2	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	90,59
3	CONSTRUCCIONES RAMIREZ	87,70
4	NAROM S.L.	86,46
5	CIVIS GLOBAL	84,96
6	ORECO SA	80,26
7	COPCISA S.A.	79,17
8	EMERGIS CONSTRUCCIÓN, S.L.	77,49
9	CONSTRUCCIONES ALEA S.L.	74,34
10	NATURGALIA S.A.	69,21
11	MOVIMENTOS DE ARIDO Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	69,43
12	STRADIA INFRAESTRUCTURAS SL	59,16
13	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A	46,63

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU, para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil de acordo co apartado 13 a) das FEC.*
- *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.*
- *Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FECles se comprometeu na súa oferta.*

*Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 938,54 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.